



# **REGULAMENTO ELECTORAL**

**Para a elección a membros da  
Asemblea Xeral, Presidente e Comisión  
Delegada da Federación Galega de  
Esquí Náutico**

**Ourense, 18 de novembro de 2010**

## **Artigo 1. Obxecto da normativa**

En requirimento da Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, durante o ano 2010, confeccionase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, con representatividade durante o período 2010 ata o 2014.

## **Artigo 2. Celebración de eleccións**

A Federación Galega de Esquí Náutico procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2010. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: De 9:00 a 13:00 horas.

## **Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo**

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Esquí Náutico será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algunha entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

A Asemblea Xeral da Federación Galega de Esquí Náutico, no caso que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo regulamento electoral, delega e autoriza á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

## **Artigo 4. Censo electoral**

1. O censo electoral (ANEXO III) incluírá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Asociacións deportivas e deportistas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Inclúranse os seguintes datos:

- a) Para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estes efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
  - b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións deportivas e deportistas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos dos clubs deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Esquí Nautico e das Delegacións federativas, así como na páxina web [www.fgen.net](http://www.fgen.net).
  3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
  4. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.

## **Artigo 5. Xunta electoral**

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.
2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.

d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Esquí Náutico

e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.

4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

5. Funcións da xunta electoral:

a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.

b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.

c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.

d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.

e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.

f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.

g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.

h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

6. Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais serán sufragados pola Federación Galega de Esquí Náutico

## **Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.**

1. En cada circunscrición electoral constituirase unha única mesa electoral para a elección dos membros da asemblea no día fixado. O horario de apertura da mesa será o seguinte: De 9:00 a 14:00 horas. Ubicaranse nos seguintes lugares:

Sede da Federación Galega de Esquí Náutico.

C/ Noriega Varela N°12 Baixo, 32004. Ourense

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

O sorteo das Mesas Electorais realizarase na sede da Federación o día 21 de Xaneiro a partir das 20:00h.

Así mesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción deste voto a de a sede da federación Galega de Esquí Náutico.

3. Son competencias da mesa electoral:

- i) Comprobar a identidade dos votantes.
- j) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- k) Proceder á contaxe de votos.
- l) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias. así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

4. A acta será subscriba por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web [www.fgen.net](http://www.fgen.net)

5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

6. Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais serán sufragados pola Federación Galega de Esquí Náutico.

## **Artigo 7. Convocatoria de eleccións**

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Esquí Náutico o día 10 de decembro do 2010, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, contituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.

3. A convocatoria de eleccións publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web [www.fgen.net](http://www.fgen.net). A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- a) Regulamento electoral.
- b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais.
- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
- e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.

4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes da desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

### **Artigo 8. Electores e elixibles**

1. Poderán ser electores e elixibles:

a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.

b) No caso do estamento de clubs: aqueles clubs, que estean inscritos, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia e teñan participado en catro competicións deportivas entre o ano de convocatoriadas eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e , necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano de convocatoria das elección e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aqueles clubs que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral.

3. Os membros da federación que pertencen a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, serán elixidos o estamento que pertencen cunha maior altiguedade.

### **Artigo 9. Composición da Asemblea xeral**

1. O número de membros da asemblea xeral será de **10**, en aplicación do artigo 10, do presente regulamento electoral. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de clubs, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, os clubs deportivos, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.

4. No estamento de clubs haberá membros natos e membros electos.

5. A representación dos clubs corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidelmente mediante certificación da inscrición do Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

6. Non cabe representación das persoas físicas.

7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

8. A Federación galega de Esquí Náutico axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

### **Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral**

1. A porcentaxe de cada estamento é:

- a) Representantes de clubs: 60 %
- b) Representantes de deportistas: 20 %
- c) Representantes de adestradores: 10 %
- d) Representantes de xuíces: 10 %
- e) Outros colectivos se os houber: 0 %

2. A representación mínima do estamento de clubs na asemblea xeral da Federación Galega de Esquí Náutico deberá ser **do 50% do censo definitivo de clubs**, incluíndo os membros natos.

En calquera caso todos os clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 desta regulamento.

3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral. No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

### **Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de clubs**

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte:

Os clubs que teñan un número maior de 50 licenzas

Os clubs que envíen a máis de 10 esquiadores a probas do campionato galego

Os clubs que envíen a un equipo os campionatos de España ou Internacionais

Os clubs que organicen a lo menos 1 Campionato Galego homologado pola Federación Galega de Esquí Náutico

Conforme o anterior baremo, son membros natos da asemblea os seguintes clubs:

## **Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral**

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.
2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web [www.fgen.net](http://www.fgen.net). Haberá un prazo de 2 días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.
3. Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

## **Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral**

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario 11:00h. a 13:00h. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.
2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela.

## **Artigo 14. Voto por correo**

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.
3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urxente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web [www.fgen.net](http://www.fgen.net).

4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

**Anverso:**

Secretaría xeral para o deporte

Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4

15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Esquí Nautico

Reverso:

Nome e apelidos do remitente

Estamento de Clube, deportista, adestradores ou técnicos e xuíces

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

## **Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente**

1. No prazo de 2 días hábiles dende a proclamación definitiva de membros da Asemblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física membro da asemblea xeral, que teña a condición política de galego (conforme o establecido polo artigo 3.1. da Lei 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia), maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación galega correspondente.

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, nas súas delegacións, mediante escrito dirixido á xunta electoral, facendo constar a condición de membro de pleno dereito da asemblea xeral.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web [www.fgen.net](http://www.fgen.net). Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo de 2 días hábiles.

A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.

## **Artigo 16. Elección do presidente**

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.

3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos. iniciando, de seguido, o proceso de votación.

4. Os candidatos exporán os seus programas, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.

5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
  - a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contan cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
  - b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
  - c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no mesmo día, resultando elixido o que obteña maioría de votos.
7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.
8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate someterase a votación os clubes, o que obteña o maior número de votos, será elixido presidente.
9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.
11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.
12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.
13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

## **Artigo 17. Elección de membros da comisión delegada**

A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será 5, cumpindo coa proporcionalidade establecida para cada estamento da asemblea.

O procedemento para a súa elección será o seguinte:

Los miembros de la comisión delegada serán elegidos por y entre los integrantes de la asemblea xeral.

Serán elixidos membros da comisión delegada os que obteñan un maior número de votos hata cubrir o número de membros correspondiente a comisión delegada

## **Artigo 18. Recurso ante a Xunta electoral**

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles , salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

## **Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva**

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos serán de 2 días hábiles dende o seguinte ao da notificación do acordo expreso da correspondente xunta electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o calendario electoral.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- i. Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- ii. Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- iii. Lexitimación para interpoñer o recurso
- iv. O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- v. As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
- vi. As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- vii. Lugar, data e sinatura.

# Anexo I. Calendario electoral

ESTIMACIÓN DE PRAZOS DO PROCEDEMENTO ELECTORAL 2010		
	VOTO POR CORREO	DATAS
Publicación en DOG		
Convocatoria de Asamblea extraordinaria		20-oct-10
1ª Asamblea Extraordinaria		19-nov-10
Presentación regulamento electoral		22-nov-10
Aprobación regulamento electoral ou devolución para modificación		
Prazo de subsanación		
À SXD aproba DEF		3-dic-10
Comunicación da convocatoria a clubs e SXD		4-dic-10
Convocatoria eleccións	inicio prazo petición do exercicio do voto	10-dic-10
Publicación regulamento electoral		10-dic-10
Publicación Calendario electoral		10-dic-10
Publicación Censo PROV		10-dic-10
<i>Fin prazo reclam al Censo</i>		22-dic-10
<i>Fin prazo resol reclam</i>		27-dic-10
Publicación Censo DEF		27-dic-10
Inicio prazo presentación candidatos á Asamblea		28-dic-10
	fin prazo petición do exercicio do voto	29-dic-10
Fin prazo presentación candidatos á Asamblea		30-dic-10
Proclamación PROV de candidatos á Asamblea		30-dic-10
<i>Inicio prazo reclamación</i>		31-dic-10
<i>Fin prazo reclamación</i>		3-xan-10
<i>Fin prazo resolución das reclam.</i>		5-xan-10
Proclamación DEF de candidatos á Asamblea		5-xan-10
	fin prazo remitir papeles voto	8-xan-10
	fin prazo depositar votos en correos	12-xan-10
Sorteo Mesas Electorais		21-xan-10
Posible comunicación de interventores		
<i>Inicio</i>		
<i>Fin</i>		
Constitución Mesa Electoral		
Votación a membros da Asamblea		22-xan-10
Escrutinio		22-xan-10
Proclamación PROV de resultados a membros da Asamblea		22-xan-10
<i>Inicio prazo reclamación</i>		24-xan-10
<i>Fin prazo reclamación</i>		25-xan-10
<i>Fin prazo resolución das reclam.</i>		26-xan-10
Proclam DEF de resultados a membros da Asamblea		26-xan-10
Presentación credenciales representantes clubs		27-xan-10
<i>Inicio prazo</i>		27-xan-10

<i>Fin prazo</i>		
Inicio Presentación de candidatos a Presidente		<b>27-xan-10</b>
	<b>VOTO POR CORREO</b>	<b>DATAS</b>
Fin Presentación de candidatos a Presidente		<b>28-xan-10</b>
Proclamación PROV de candidatos a Presidente		<b>28-xan-10</b>
<i>Inicio prazo reclamación</i>		<b>29-xan-10</b>
<i>Fin prazo reclamación</i>		<b>1-feb-10</b>
<i>Fin prazo resolución das reclam.</i>		<b>3-feb-10</b>
Proclamación DEF de candidatos a Presidente		<b>4-feb-10</b>
Constitución Asemblea Extraordinaria		<b>12-feb-10</b>
Votación a Presidente		<b>12-feb-10</b>
Proclamación PROV de Presidente		<b>12-feb-10</b>
<i>Inicio prazo reclamación</i>		<b>14-feb-10</b>
<i>Fin prazo reclamación</i>		<b>15-feb-10</b>
<i>Fin prazo resolución das reclam.</i>		<b>16-feb-10</b>
Proclamación DEF de Presidente		<b>16-feb-10</b>

# Anexo II. Modelos de sobres e papeletas

## Modelo de sobre:

**Anverso:**

Secretaría xeral para o deporte  
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Esquí Nautico

**Reverso:**

Nome e apelidos do remitente  
Estamento de **Clube, deportista, adestradores ou técnicos e xuíces**

## Modelo de Papeleta:

**Federación Galega de Esquí Náutico**

**Eleccións 2010**

**Clubes:**

[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX  
[ ] XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

**Debe votar a 6 Clubes, colocando unha cruz no paréntese de cada esquiador votado**

## Anexo III. Censos Clubes:

<i>Clube</i>	<i>Enderezo</i>	<i>Nº rexistro</i>	<i>Presidente e secretario</i>
Club Esquí Náutico Dummies	Habana Nº41 7ºB. Ourense	<b>C-06926</b>	Celso Pereira Fernández Jorge Varela Prieto
Club Nautico Arcade	Peirao de Arcade. Soutomaior. Pontevedra	<b>C-00973</b>	José Adolfo Seoane Miguez Adriana Seone Reino
Vulcan Wakeboard Club	Avda Vigo 158 5ºb. Ferrol. A Coruña	<b>C-09522</b>	Adrián Hervella Molina Cristian Lorenzo Lozano
Club Social Moaña Mar	Ramon Cabanillas 41 Bajo Moaña. Pontevedra	<b>C-07588</b>	Agustin Luis Lorenzo Silvares José Fernández González
Club Novaski	Rúa Areal, 80, baixo. Vigo Pontevedra	<b>C-08508</b>	Juan Vázquez Noguero David Pereira Pedreira
Club Náutico San Telmo	Baixada ao embarcadero, 2. Tui. Pontevedra	<b>C-05552</b>	Jose Joaquin Garcia Rguex Nicolas Lorenzo Gomez

## Deportistas:

<b>APELLIDO</b>	<b>APELLIDO</b>	<b>NOMBRE</b>	<b>DNI</b>	<b>CLUB</b>	<b>FECHA NAC.</b>	<b>Nº LIC. 09</b>	<b>Nº LIC. 10</b>
PAMIES	DURA	JAVIER	01384613J	CLUB NAUTICO SAN TELMO	16/07/1951	225	33
CASTELO	SILVEIRA	ANTONIO	36049377M	NOVASKI	12/05/1963	14	5
VAZQUEZ- NOGUEROL	MENDEZ	JUAN	36091157V	NOVASKI	14/04/1969	4	1
BUA	TORRADO	ALBERTO	35455335F	CLUB ESQUI NAUTICO DUMMIES	10/10/1980	49	45
MENDEZ	ALVAREZ	SUSANA	35574951T	CLUB NAUTICO SAN TELMO	30/06/1984	51	190
GARCIA	GOMEZ	ARANTXA	77414434E	CLUB NAUTICO ARCADE	07/02/1992	29	20
NOGUEIRA	GARRIDO	JAVIER	77410228W	CLUB NAUTICO ARCADE	12/03/1992	30	21
FRANCISCO	GOMEZ	CAPON	53190286A	NOVASKI	04/03/1989	3	196

## Adestradores:

<b>APELLIDO</b>	<b>APELLIDO</b>	<b>NOMBRE</b>	<b>DNI</b>	<b>CLUB</b>	<b>FECHA NAC.</b>	<b>Nº LIC. 09</b>	<b>Nº LIC. 10</b>
HERVELLA	MOLINA	ADRIAN	46917167L	VULCAN WAKEBOARD CLUB	17/05/1987	48	35
PAREDES	RODRIGUEZ	DAVID	32693164K	VULCAN WAKEBOARD CLUB	01/08/1987	216	37
MARIA TERESA	SANCHEZ- AGUSTINO	RODRIGUEZ	77405414H	CLUB NAUTICO SAN TELMO	03/04/1981	399	166
NATALIA	VILLANUEVA	REY	36163127C	CLUB NATICO SAN TELMO	04/03/1982	400	239

## Xuíces:

APELLIDO	APELLIDO	NOMBRE	DNI	CLUB	FECHA NAC.	Nº LIC. 09	Nº LIC. 10
JACOBO M.	PEREIRA	VAZQUEZ	34994099J	CLUB ESQUI NAUTICO DUMMIES	27/06/1979	1	34